



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 23 DE XULLO DE 2013

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIÓNS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vintedúas horas do día 23 de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.-APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.-

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2013.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A AUTORIZACIÓN PREVIA DA DESAFECTACIÓN DO COLEXIO PÚBLICO "JOSÉ ANTONIO".

Sr. Alcalde.- Moi ben. Boa tarde-noite a todos e a todas, benvidos á sesión extraordinaria e urxente convocada co motivo de traer o dictame da Comisión Informativa de Cultura en relación á desafectación do "Colexio Público José Antonio".

1º.-APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.-

*Sr. Alcalde.-*O primeiro punto desta orde do día é a apreciación se procede de urxencia a sesión, e como ben decía a urxencia ben motivada porque o Concello solicitou un obradoiro de emprego no que se prevé, en caso de ser concedido, o acondicionamento do Colexio José Antonio para usos culturais, a fin de ter a dispoñibilidade do edificio cómpre solicitar con carácter urxente á Consellería de Cultura, Educación e Universitaria, a autorización previa de desafectación dese Colexio do uso educativo que ten na actualidade. Tendo en conta ademáis que, parece ser que nos próximos días, antes

de finais deste mes, se resolven os novos obradoiros de emprego pois convócase de forma urxente esta Comisión Informativa que se realizou a semana pasada i o correspondente Pleno para dictaminar a solicitude de desafectación. Non sei si hai algunha intervención en relación á urxencia. Procedemos a votar a urxencia entón. Votos en contra? Abstencións? Votos a favor? Apróbase a urxencia da sesión.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2013.

Sr. Alcalde.-O punto número dous é a aprobación, si procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 4 de xullo de 2013, non sei se hai algunha alegación á acta, senón aprobámola por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 4 de xullo de 2013, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A AUTORIZACIÓN PREVIA DA DESAFECTACIÓN DO COLEXIO PÚBLICO "JOSÉ ANTONIO".

Sr. Alcalde.-E o punto número tres, a aprobación si procede do dictame da Comisión de Educación, Cultura e Deporte, relativa á solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Universitaria, para a autorización previa da desafectación do "Colexio Público José Antonio". Como expliquei anteriormente, creo que se debateu xa na propia Comisión. É unha obra, pretendemos presentar un proxecto ao Obradoiro de Emprego, e un proxecto no que se fai unha reforma, básicamente unha reforma interior, para poder ter as autorizacións precisas necesitábase autorización da Consellería de Educación para desafectación do propio Colexio i necesitamos tamén a autorización de Patrimonio polas actuacións. Non son obras que afecten á estrutura do edificio pero si que os técnicos entenderon que había que solicitar tamén o informe a Patrimonio, que foi solicitado xa na semana pasada i entendemos que nesta semana incorporado á Comisión de Patrimonio Histórico i coa resolución nos próximos días que a poidamos incorporar no propio expediente do Obradoiro. Por eso temos a vontade de defender nesta próxima resolución de obradoiros de emprego, o noveno Obradoiro de Emprego para A Estrada, creo que é unha obra importante, i poder converter o Edificio José Antonio na Casa das Letras i poder darlle ese uso característico e poder así tamén evitar os problemas que estaban causando no Edificio de Usos Múltiples i poder cumprir tamén con ese compromiso que había coa cidadanía. Algunha intervención? Ten a palabra, señor Magariños.

Sr. Magariños do B.N.G.- Simplemente indicar, como dixen na Comisión, que bueno que me gustaría coñecer exactamente cal vai a ser o proxecto de remodelación do edificio e que é un proxecto que deberían opinar, ou polo menos coñecer, os veciños da Vila, porque está na Vila instalado este edificio. Para saber qué se vai a facer con el, non? É un edificio histórico, parte importante do noso Patrimonio Cultural e da nosa identidade como pobo, entón debería todo o mundo coñecer o que se vai a facer e poder opinar, incluso. Tamén sería o momento para aproveitar, como xa solicitei noutro Pleno, de mercar os terreos de Silverio Chao, terreos que están ao lado do Colexio anexo ao Pérez Viondi, para evitar que un edificio histórico como este acabe rodeado por un edificio grande e aparte que se podería facer cunha bolsa de terreo importante pois para darlle servizo a este propio edificio. Polo demais parécenos ben esta solicitude e que pase a ser patrimonio de todos os estradenses outra vez.

Sr. Alcalde.- *Moi ben. Temos presentada, como é trámite necesario, unha memoria á solicitude do Obradoiro de Emprego. No momento en que teñamos a contestación, que esperemos que sexa favorable, procederemos a iniciar, i me parece moi razoable tamén sobretodo un tema que a min me preocupa que é o plan de usos, o plan funcional, porque as obras ao final... Creo que é unha obra que a reforma estrutural se fixo non fai moitos anos, non debería ter maiores problemas, sí a reordenación de usos interiores i as obras que se van a acometer, tendo en conta ademáis que parece que van a centrar básicamente os obradoiros deste ano en dous módulos, polo tanto nós priorizamos o módulo de albañilería i o módulo de carpintería, que son o capítulo de obra, máis importante no proxecto, para complementar despois co tema das instalacións que se faría complementariamente ao desarrollo do obradoiro, non? Pero sí me parece sensato i razoable que traballemos no proxecto, i eu xa o falei tamén co propio Concelleiro de Cultura, para empezar a traballar nun proxecto que reúna as necesidades, que son moitas ademáis, que temos nese eido e que eu espero que acertemos tamén con esta iniciativa. Algunha outra intervención? Pois procedemos entón á votación deste punto. Votos en contra? Abstencións? Votos a favor? Apróbase por unanimidade.*

Finalmente adóptase por unanimidade o seguinte acordo:

Visto que o Colexio público de Primeira Ensinanza "José Antonio", situado na Avd. Benito Vigo deste concello, vai a deixar de ser utilizado como centro de ensino, por trasladarse os seus alumnos ao novo colexio "Perez Viondi", no vindeiro curso académico 2013/14.

Vista a certificación do Inventario Municipal.

Visto que o Concello ten previsto destinar o edificio para usos culturais.

Visto que segundo a Disposición Adicional 15, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, "A conservación, o mantemento e a vixiancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e do educación especial, corresponderán ao municipio respectivo. Ditos edificios non poderán destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa correspondente"

ACORDAMOS:

Primeiro. Dirixirse a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, previos os trámites oportunos, autorice a desafectación do Colexio Público "José Antonio", sito na Avd. Benito Vigo, por deixar este centro de utilizarse para uso educativo

Segundo. Remitir o presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro. Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias i levantamos a sesión.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as vintedúas horas e dez minutos.

A Estrada, 23 de xullo de 2013
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas